

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o xoves día 3 de agosto de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO, DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL RÚA AGRO DO MEDIO EN MILLADOIRO. POS ADICIONAL 1/2017.

En Xunta de Goberno Local de 12 de xullo de 2018, procedeuse á clasificación de ofertas no procedemento de licitación das obras de accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro, segundo proposta da Mesa de Contratación.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar así como ós demais participantes no procedemento de licitación.

Unha vez achegada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do TRLCSP, resulta procedente adxudicar o contrato de obras.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable, con observacións, da Intervención Municipal, informe 300/2018 de 1 de agosto.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obras Accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro á Construcciones J. Mauri e Hijos SL con CIF B-15.261.308, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e nove mil seiscientos vinte e tres euros con vinte e tres céntimos (69.650,66.- euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a cantidade de seis mil douscentos vinte e dous con setenta e sete céntimos (14.626,64.- €.- euros).

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 4 meses, contados a partir do día da sinatura do contrato, podendo prorrogarse polo Concello se circunstancias particulares ou excepcionais así o aconsellan.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde á Estudio Sepia Técnicos SL.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde en Ames, a venres 3 de agosto de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
A primeira tenente de alcalde
(decreto 1675/2018)
Genma Otero Uhía

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

